

Que prezo ten o servizo do Matadoiro Móbil de Galicia?

Os usuarios deberan pagar previamente a través do ATRIGA (<https://ovt.atriga.gal/>), os prezos establecidos do servizo, de acordo coa ORDE do 7 de setembro de 2022 pola que se fixan os prezos privados do servizo de matadoiro móbil de Galicia

SERVIZO	PREZOS PRIVADOS DO SERVIZO DE MATADOIRO MÓBIL EN GALICIA		
	ANIMAIS OVINO CABRÚN MENORES DUN ANO	ANIMAIS OVINO CABRÚN MAIORES DUN ANO	ANIMAIS PORCINO
Sacrificio e maquia (prezo/animal)	10€	15€	40€
Sacrificio, maquia e almacenamento (prezo/animal)	15€	20€	45€
Sacrificio, maquia, almacenamento e transporte a punto de distribución (prezo/animal)	20€	25€	50€

Para mais información pode contactar no
982 251 201




XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL



MATADOIRO MÓBIL DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

Como se solicita o servizo do Matadoiro Móbil de Galicia?

Os gandeiros poderán solicitar o servizo do matadoiro móbil de gando ovino, cabrún e porcino, chamando de luns a venres de 9:00 a 14:00 ao número de teléfono **982 251 201**

Como se organizaran as rutas do Matadoiro Móbil de Galicia?

Segundo a demanda, procurarase sempre optimizar este recurso, cuxo principal obxectivo é mellorar a xestión e a rendibilidade das explotacións gandeiras de pequeno tamaño de zonas afastadas dos matadoiros convencionais.

Que información teño que facilitar ao Matadoiro Móbil de Galicia?

- Datos da explotación (REGA, ...)
- Especie e número de animais a sacrificar
- Identificación individual dos animais e datos dos mesmos (idade, peso,...)
- Data no que se desexa efectuar o sacrificio.
- Destino e depósito das canais
 - Propia explotación (autoconsumo)
 - Recollida no matadoiro por un operador con vehículo autorizado
 - Traslado a cámara frigorífica do matadoiro ou da base operativa para posterior comercialización

